

UNIDADE DIDÁCTICA: FAROS DE GALICIA

NIVEL: 5º de Primaria

TEMPORALIZACIÓN: 7 sesións

ÁREA: Educación Plástica e Visual

CENTRO: CEIP Plurilingüe Carballal – Cabral

MATERIAIS:

- Material da aula de Plástica: papel, rotuladores, témperas, caixas e tubos de cartón, escarvadores, depresores...
- Material informático: ordenador con conexión á rede, impresora...
- Espazo axeitado para organizar unha exposición cos traballos realizados.

OBXECTIVOS :

- Coñecer algúns faros de Galicia, con exemplos das tres provincias de costa.
- Coñecer a función principal dos faros e as que se aportan hoxe en día (hoteis, museos...).
- Valorar os faros como parte do noso patrimonio arquitectónico.
- Investigar sobre os faros.
- Elaborar obras plásticas coa temática dos faros.
- Elaborar unha maqueta dun faro.
- Compartir as creacións en diferentes espazos e canles.

CONTIDOS:

- Vocabulario específico básico das artes plásticas e visuais.
- Os faros. Nome dos faros e características particulares (alcance, altura, lanterna...).
- Coñecemento e valoración dos faros como patrimonio arquitectónico.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas plásticas e visuais en diferentes espazos culturais.
- Fases do proceso creativo: planificación guiada e experimentación.
- Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións plásticas e visuais.
- Producións multimodais: realización con diversas ferramentas, recursos e materiais.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN:

- Distinguir os principais faros de Galicia e algunhas características representativas.
- Valorar, máis alá da súa utilidade, as sensacións e emocións producidas polos elementos do patrimonio arquitectónico que conforman o noso contorno.
- Producir obras propias básicas.
- Planificar e deseñar instalacións artísticas colectivas traballando de forma cooperativa.
- Seleccionar e aplicar estratexias para a procura de información.
- Expresar con creatividade ideas, sentimentos e emocións.
- Compartir os proxectos creativos utilizando diferentes estratexias.

TAREFAS POR SESIÓN.

1ª Sesión: Actividade introdutoria. Coñecemos algúns dos faros de Galicia e as súas principais características. Comezamos unha investigación para un mural informativo.

2ª Sesión: Rematamos o mural informativo.

3ª Sesión: Imaxinamos e debuxamos como é un faro por dentro.

4ª Sesión: Realizamos unha fotomontaxe cun debuxo dun faro e unha foto.

5ª Sesión: Comezamos a elaborar unha maqueta dun faro.

6ª Sesión: Rematamos a maqueta do faro e preparamos a exposición.

Tarefa final: Exposición dos faros e dos murais informativos.

ESTADAXE:

- Utilízanse recursos coñecidos en combinación con recursos novos.
- Ofrécense medios e recursos de apoio que se poden consultar en calquera momento.
- Apoio entre iguais.

INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN:

Avaliación das tarefas:

- Observación directa. 10% da cualificación final.
- Rúbrica. 90% da cualificación final. A rúbrica servirá para autoavaliarse e coavaliarse. Ademais, na rúbrica haberá un apartado en branco no que eles mesmos valorarán aspectos que consideren importantes do seu traballo.